

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ANUNCIO do 28 de marzo de 2023, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental do proxecto de liña de alta tensión a 132 kV desde a subestación do parque eólico Serra da Lagoa ata a subestación do parque eólico Navallos, nos concellos de Baralla e Castroverde (expediente 2020/0184).

De conformidade co artigo 41.3 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), faise pública a declaración de impacto ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o 27 de marzo de 2023, do proxecto de liña de alta tensión a 132 kV desde a subestación do parque eólico Serra da Lagoa ata a subestación do parque eólico Navallos, nos concellos de Baralla e Castroverde (Lugo), promovido por Enerxías Renovables de Galicia, S.A.

A dita declaración poderase consultar na ligazón:

<https://cmatv.xunta.gal/resolucions-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, sitas en Santiago de Compostela (San Lázaro, s/n, planta baixa).

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2023

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade
e Cambio Climático

CVE-DOG: dbqvtz19-gm19-ano1-6yh1-ydikmmdykyu0

